



---

III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE  
OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO  
CONCELLO DE ARTEIXO

2021-2024

---

## ÍNDICE

---

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	3
<b>1. PRINCIPIOS ORIENTADORES DO PLAN</b> .....	5
<b>2. MARCO NORMATIVO DA IGUALDADE</b> .....	8
<b>3. COMPROMISO COA IGUALDADE</b> .....	13
<b>4. FASES DE ELABORACIÓN</b> .....	14
<b>5. ESTRUCTURA DO PIOM</b> .....	17
<b>6. DIAGNOSE</b> .....	19
<b>7. ÁREAS DE ACTUACIÓN</b> .....	38
<b>8. CONXUNTO DE MEDIDAS</b> .....	39
<b>8.1 Estratexia Municipal</b> .....	39
<b>8.2 Sensibilización Social e Educación</b> .....	43
<b>8.3 Mercado de Traballo e Formación</b> .....	47
<b>8.4 Conciliación e corresponsabilidade</b> .....	48
<b>8.5 Deporte, Saúde e Benestar</b> .....	50
<b>8.5.1 Deporte</b> .....	50
<b>8.5.2 Saúde e Benestar</b> .....	52
<b>8.6 Cultura</b> .....	53
<b>8.7 Participación da Muller nos ámbitos Político, Social e Económico.</b> .....	56
<b>8.8 Violencia contra a muller</b> .....	59
<b>9. APLICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b> .....	64
<b>9.1 Vixencia</b> .....	64
<b>9.2 Seguimento e avaliación</b> .....	64
<b>10. CRONOGRAMA</b> .....	65
<b>11. ESTUDO ECONÓMICO</b> .....	69
<b>ANEXOS</b> .....	74
<b>I. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN</b> .....	74
<b>II. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS</b> .....	78

## PRESENTACIÓN

O III PIOM do Concello de Arteixo, nace do compromiso da corporación Municipal de traballar pola igualdade entre mulleres e homes como tema clave para o futuro do Concello, cunha visión integradora dos distintos ámbitos da xestión do noso territorio: económico, medioambiental, social e demográfico.

Seguimos poñendo especial atención na transmisións de valores e actitudes equitativas, promovemos a participación da muller na toma de decisións sobre asuntos de interese cidadán, avogamos pola implantación de medidas que faciliten a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dotando ás diferentes zonas territoriais do Concello dunha rede de infraestruturas e equipamentos con este obxectivo.

Así mesmo, renovamos o noso compromiso coa erradicación de calquera manifestación de violencia machista, a través da implantación de medidas encamiñadas á sensibilización social e á atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e ao seu entorno máis próximo.

Con este fin, presentamos este Plan para axuntar esforzos no traballo presente e futuro en prol dun concello para vivir en igualdade e dunha sociedade máis xusta.

Inés Ramos Álvarez  
Concelleira de Igualdade  
Servizos Sociais, Sanidade e  
Educación



# PRINCIPIOS

## 1. PRINCIPIOS ORIENTADORES DO PLAN

A metodoloxía, os obxectivos e as medidas deste Plan estarán baixo a guía dos seguintes principios reitores, que orientan todo o proceso de implantación do mesmo.

### **Transversalidade e perspectiva de xénero.**

O principio de igualdade entre mulleres e homes estará presente en todos os ámbitos de actuación (sociais, culturais, educativos e económicos) da Administración local, para evitar os desequilibrios e desigualdades entre homes e mulleres no Concello.

### **Visibilidade**

Entendemos que para conseguir o equilibrio e garantir un beneficio mutuo para homes e mulleres na aplicación das políticas públicas, o punto de partida é facer visibles as diferenzas entre homes e mulleres onde as haxa, identificar os factores de desigualdade e, a partir de aí, propoñer as melloras concretas, así como facer visible a presenza das mulleres na sociedade.

### **Prevenición**

Poñer a atención na sensibilización, formación e información da realidade na que vivimos é fundamental para a prevención de desigualdades e de calquera conduta sexista, e, en particular, as que comporta a violencia de xénero.

### **Pluralidade e diversidade**

Atender á diversidade, ás diferentes situacións e necesidades, é necesario para establecer estratexias de actuación que garantan a consecución da igualdade tendo en conta variables como a situación laboral, familiar, procedencia, cultura, etc.

### **Xustiza social**

A Igualdade é un dos fundamentos do principio de xustiza social. A xustiza social é un principio básico, un valor fundamental para lograr a convivencia pacífica e o progreso das sociedades, promove a distribución equitativa de bens e servizos. O seu obxectivo final é acabar cos desigualdades e conseguir o pleno desenvolvemento das persoas.

### **Innovación**

Responde á necesidade de fomentar solucións novas que garantan a igualdade de oportunidades.

## **Sustentabilidade**

O proxecto está pensado para que os obxectivos e impactos do III PIOM perduren máis aló do horizonte temporal aquí contemplado, de maneira que cada elemento poida adaptarse á dinámica social favorecendo o camiño para a igualdade real.

## **Corresponsabilidade e Conciliación**

Conscientes de que a plena igualdade só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo remunerado e non remunerado e do reparto dos coidados e dos tempos, lévase a cabo unha aposta por accións dirixidas á concienciación dende as distintas áreas de actuación do Concello, así como a través da dotación de infraestruturas e equipamentos destinados a este fin.

## **Participación**

A igualdade implica un compromiso de todas e todos, lograr a participación social das mulleres en todos os eidos constitúe un dos principios reitores deste Plan.



# MARCO XURÍDICO

## 2. MARCO NORMATIVO DA IGUALDADE

As Nacións Unidas teñen un compromiso coa Igualdade dende o seu Acto de Constitución en 1945 (Carta de San Francisco, do 26 de xuño). Nesta Carta recoñécese a igualdade de dereitos sen distinción por razón de sexo e, dende entón, desenvolvéronse distintos instrumentos xurídicos, políticos e técnicos para a igual consecución do devandito compromiso.

A igualdade de xénero non é só un dereito humano fundamental, senón que é un dos fundamentos esenciais para construír un mundo pacífico próspero e sostible.

Conseguíronse algúns avances durante as últimas décadas: máis nenas escolarizadas, obrígase a menos nenas ao matrimonio precoz, hai máis mulleres en cargos de responsabilidade e liderado no ámbito político, social e empresarial, e as leis están a reformarse para fomentar a igualdade de xénero.

A pesar destes logros, aínda existen moitas dificultades: violencia contra as mulleres, desigualdades e discriminacións no ámbito laboral, repartición desigual do traballo de cuidados, pobreza entre a poboación feminina e explotación sexual e trata, entre outras.

Eradicar as desigualdades e mellorar a situación das mulleres e nenas, require o compromiso das institucións públicas e privadas para, así, conseguir mellorar a sociedade no seu conxunto.

É numerosa a normativa desenrolada nos ámbitos internacionais, nacionais e locais que regula o Dereito de Igualdade (ver anexos).

### **Ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia**

O Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), no artigo 4.2 recolle o mandato dirixido aos poderes públicos de Galicia de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos en que se integra sexan reais, efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

Coa aprobación do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, Galicia reforza o seu compromiso coa eliminación da discriminación entre mulleres e homes e coa promoción da igualdade entre as persoas de ambos sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 do Estatuto de Autonomía para Galicia.



Consagra como principios de actuación da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade:

a) A procura e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas.

b) A modificación dos patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes, con vistas a acadar a eliminación dos prexuízos e das prácticas consuetudinarias baseadas na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas de mulleres e de homes.

c) A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvoltas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias.

d) O fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e instrumentando, ademais, outros efectos positivos. A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización das fillas e fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, a fin de non constituír discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado, e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres.

e) A adopción de idénticas actuacións de fomento da súa comprensión como función social con respecto ao coidado de familiares que, polas súas dependencias, necesiten a asistencia doutras persoas.

## **A TRANSVERSALIDADE DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE TRATO ENTRE MULLERES E HOMES**

---

A transversalidade de xénero é un concepto que xorde na 3ª Conferencia Internacional sobre as Mulleres (Nairobi, 1985) que promoveu a Organización de Nacións Unidas e que se adopta a partir da 4ª Conferencia (Beijing, 1995).

*“O mainstreaming de xénero foi establecido como estratexia para a promoción da consecución da igualdade de xénero debido a que as estratexias anteriores fallaron no cumprimento dos obxectivos establecidos. As leccións aprendidas da implantación de actividades e proxectos especiais para as mulleres nos anos 70 e 80, indicaron que aínda que tales proxectos resulten esenciais, non poden por si mesmos producir os cambios*

*necesarios no status da muller. As actividades centradas nas mulleres tendían a ser deixadas á marxe e o acceso das mulleres aos recursos e ao poder seguía sendo mínimo. A concienciación sobre estas limitacións provocou a estratexia de integración que tentou abordar o tema da marxinação mediante a incorporación de "perspectivas de mulleres" no desenvolvemento das políticas e o deseño de proxectos e a súa implantación.*

*O mainstreaming de xénero baseouse na necesidade de ir máis aló do sinxelo intento de integrar incuestionablemente ás mulleres nas axendas de desenvolvemento existentes, senón para cambiar ou transformar as axendas de traballo para que puidesen responder máis adecuadamente ás realidades e necesidades tanto de mulleres como de homes".*

Carolyn Hannan, Directora da Division for the Advancement of Women da ONU, define a transversalidade de xénero como: *"O proceso de avaliación das consecuencias para as mulleres e os homes de calquera acción planificada, inclusive as leis, e está destinada a facer que preocupacións e experiencias tanto das mulleres como dos homes sexan un elemento integrante da elaboración, a aplicación, a supervisión e a avaliación das políticas e os programas en todas as esferas políticas, económicas e sociais, a fin de que as mulleres e os homes se beneficien por igual e se impida que se perpetúe a desigualdade. O obxectivo final é lograr a igualdade entre os sexos".*

Polo tanto, a transversalidade de xénero é unha estratexia con resultados a medio e longo prazo para:

- Integrar a igualdade de oportunidades nas políticas e prácticas cotiás dos gobernos e outros organismos públicos;
- Evitar os desequilibrios e desigualdades existentes na sociedade, involucrando tanto a mulleres como a homes;
- Acabar con calquera tipo de discriminación por razón de sexo -un reto para as Administracións públicas- e, polo tanto, adecuarse ao principio de igualdade.

A principal ferramenta de traballo da transversalidade de xénero é a introdución do enfoque ou perspectiva de xénero, que permite dar conta do modo no que están construídas as diferenzas entre homes e mulleres nun contexto determinado. Non se analiza só a situación das mulleres senón a relación entre a situación dunhas e doutros tomando o xénero como principio estrutural.

En relación cos poderes públicos, o artigo 15 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (en diante LOIMH) regula a transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes: *"O principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As Administracións públicas integrarano, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas,*

*na definición e orzamentación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades".*

### **Criterios de actuación das Administracións públicas**

Segundo o artigo 51 da LOIMH, as Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, deberán:

- a) Remover os obstáculos que impliquen a persistencia de calquera tipo de discriminación coa finalidade de ofrecer condicións de igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso ao emprego público e no desenvolvemento da carreira profesional;
- b) Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, sen menoscabo da promoción profesional;
- c) Fomentar a formación en igualdade, tanto no acceso ao emprego público como ao longo da carreira profesional;
- d) Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración;
- e) Establecer medidas efectivas de protección fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo;
- f) Establecer medidas efectivas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de sexo;
- g) Avaliar periodicamente a efectividade do principio de igualdade nos seus respectivos ámbitos de actuación.

# METODOLOXÍA

### 3. COMPROMISO COA IGUALDADE

#### 3.1 Antecedentes

O compromiso do Concello de Arteixo en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, plásmase por primeira vez no ano 2004, cando se asina o Primeiro Plan de Igualdade, aprobado no Pleno municipal do 25 de novembro cunha vixencia inicial de dous anos, prorrogándose posteriormente ata o ano 2008.

Posteriormente o Departamento da Muller promove a elaboración do II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Arteixo 2010-2014, prorrogado ata a actualidade. Este documento nace coa vocación de servir de ferramenta para a planificación das políticas municipais de igualdade.

Continuando co labor iniciado, conscientes cada vez máis da necesidade de loitar pola igualdade de dereitos e oportunidades, dende a Concellería de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación promóvese a elaboración do III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Arteixo 2021-2025.

Tomouse como punto de referencia para a elaboración da diagnose, o traballo efectuado a raíz da implantación e execución das medidas recollidas no II PIOM do Concello.


O II PIOM do Concello estruturouse en cinco áreas:

Área 1	Educación para a igualdade
Área 2	Mercado laboral e usos do tempo
Área 3	Participación social
Área 4	Violencia de Xénero
Área 5	Perspectiva de Xénero

Para cada unha das áreas definíronse dezaseis obxectivos e para a consecución de cada un deles desenvolvéronse trinta e oito medidas que se concretaron en cento cinco accións. Finalmente a estrutura do último PIOM do Concello foi a que segue:

	ÁREAS DE TRABALLO	OBXECTIVOS	MEDIDAS	ACCIÓNS
1.	Educación para a igualdade	3	8	15
2.	Mercado laboral e usos do tempo	4	6	23
3.	Participación social	4	9	24
4.	Violencia de xénero	3	5	16
5.	Perspectiva de xénero	2	10	27

O período de execución desenvolveuse entre os anos 2010-2014, polo que ao longo da vixencia do Plan prévióanse trescentas cincuenta e cinco intervencións. Finalmente o nivel de execución/implantación foi o que se detalla de seguido:



En termos absolutos o nivel de execución foi:

Executadas	Parcialmente executadas	Non executadas	Sen datos
228	21	81	25

## 4. FASES DE ELABORACIÓN

O III PIOM organizouse en base a unha serie de fases de traballo, que teñen o seu inicio no ano 2019.

A primeira fase consistiu na recollida de información sobre o nivel de implantación e execución do II Plan de igualdade do Concello 2010-2014, punto de partida para a elaboración do III Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes.

Á anterior seguiu unha segunda fase de elaboración do estudo denominada "Diagnose da situación de homes e mulleres do Concello de Arteixo", consistente na recollida de datos cuantitativos e cualitativos a través de entrevistas con distintas asociacións veciñais, deportivas e empresariais.

E unha última fase, que se inicia a principios do ano 2020, que permitiu realizar unha diagnose das necesidades e das características da poboación do municipio a través de entrevistas ás persoas con responsabilidade técnica e política das diferentes áreas de

intervención municipal; para, partindo destas necesidades, contemplar unha serie de medidas que realmente posibiliten avanzar no camiño da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Este plan reúne unha serie de características que o converte nunha ferramenta estratéxica de traballo, que aspira a garantir a inclusión do principio de igualdade en todas as áreas de influencia e xestión do Concello, en aras da consecución dunha igualdade real para o conxunto da poboación de Arteixo.

## ENTIDADES PARTICIPANTES

### Municipais

- Alcaldía;
- Muller;
- Educación;
- Servizos Sociais;
- Deportes;
- Cultura;
- Biblioteca;
- Persoal;
- Intervención;
- Emprego.

### Outras entidades

Ademais, iniciáronse contactos con distintas asociacións deportivas, do tecido empresarial, diferentes ANPA, Direccións de centros educativos, Centros de saúde e Forzas e Corps de Seguridade do Estado.

## FERRAMENTAS METODOLÓXICAS:

### Entrevistas

- Entrevistas a 16 técnicos e técnicas das áreas indicadas no epígrafe anterior;
- Entrevistas ao persoal político das áreas indicadas no epígrafe anterior;
- Entrevistas coa Xerente da Asociación do Polígono de Sabón;
- Entrevistas telefónicas con persoas das directivas de diferentes asociacións deportivas;
- Con diferentes ANPA;
- Mesas de coordinación, etc.;

#### Análise de documentación:

- Anteriores plans de igualdade (I PIOM do Concello de Arteixo; II PIOM do Concello de Arteixo);
- Lexislación de aplicación;
- Memorias anuais;
- “Plan Novarteixo 2020”;
- Reportaxes e estudos elaborados dende diferentes áreas do Concello.

### AGRADECEMENTOS

Dende aquí queremos agradecer a todas as persoas, organismos e áreas municipais, asociacións e entidades, que de forma directa ou indirecta aportaron a súa inestimable experiencia, coñecementos, aportacións e implicación. Sen a súa participación este documento non sería posible.



## 5. ESTRUCTURA DO PIOM

O Plan organízase do xeral ao específico, tomando como base a diagnose de situación ao redor de 7 áreas de actuación de carácter transversal. En cada unha destas áreas defínense unha serie de obxectivos ao redor dos que se artellan as medidas necesarias para o avance progresivo das políticas de igualdade no Concello.

Os obxectivos, á súa vez, aparecen diferenciados en estratéxicos e operativos: os obxectivos estratéxicos responden ás diferentes liñas xerais de intervención, en tanto que os operativos, son os relativos ás medidas concretas propostas.

De igual xeito, para cada medida sinálanse as e os axentes implicados e os indicadores de avaliación, así como a temporalidade na aplicación das mesmas.

ÁREA	ÁREAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS OPERATIVOS	MEDIDAS
A.1	ESTRATEGIA MUNICIPAL	1	6	13
A.2	EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	1	5	14
A.3	MERCADO DE TRABALLO	1	2	3
A.4	CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDAD	1	3	5
A.5	ÁREA DE DEPORTE, SAÚDE E BENESTAR	2	4	13
A.6	CULTURA	1	3	9
A.7	PARTICIPACIÓN	1	4	7
A.8	VIOLENCIA CONTRA A MULLER	2	5	19
	<b>Total</b>	<b>10</b>	<b>32</b>	<b>83</b>

# A DIAGNOSE

## 6. DIAGNOSE

Para levar a cabo a correcta xestión da igualdade, resulta preciso, en primeiro lugar, realizar unha diagnose de situación, centrándose naquelas áreas nas que se poida observar a necesidade de realizar modificacións ou poñer en marcha medidas que permitan seguir avanzando na igualdade de oportunidades. Para, deste xeito, acadar o obxectivo de converter ao Concello de Arteixo nun concello dinámico a favor da igualdade en todos os seus ámbitos de actuación.

O documento elaborado será aberto e flexible, coas posibilidades de cambio necesarias para poder achegarse á realidade do Concello, e así, partindo dos datos deste informe, poderanse elaborar medidas e actuacións realistas, axustándose ás características específicas do Concello, convertendo así o Plan de Igualdade nun instrumento útil que non se reduza a un mero trámite burocrático.


### DATOS E CONCLUSIÓNS DA DIAGNOSE

#### POBOACIÓN

Arteixo contaba cunha poboación no ano 2019 de 32.262 habitantes, presentando os datos desagregados por sexo serían en termos absolutos:

HOMES	MULLERES
15.976	16.286

Polo tanto, en termos porcentuais as mulleres representarían o 51% sobre o total da poboación e os homes o 49%.



Se tomamos os datos globais e os dividimos por parroquias, podemos comprobar que a maior parte da poboación concéntrase nos núcleos de Arteixo, Oseiro e Pastoriza.

Desagregados os datos por sexo o número de homes e mulleres distribúese da seguinte maneira segundo as parroquias:

PARROQUIA	HOMES	MULLERES
ARMENTÓN (SAN PEDRO)	186	231
ARTEIXO (SANTIAGO)	6.612	6.812
BARRAÑÁN (SAN XIÁN)	175	172
CHAMÍN (SANTAIA)	228	226
LAÑAS (SANTA MARIÑA)	192	208
LARÍN (SANTO ESTEVO)	248	286
LOUREDA (SANTA MARÍA)	805	844
MONTEAGUDO (SAN TOMÉ)	179	195
MORÁS (SANTO ESTEVO)	614	605
OSEIRO (SAN TIRSO)	2.719	2.659
PASTORIZA (SANTA MARÍA)	3.698	3.701
SORRIZO (SAN PEDRO)	96	107
SUEVOS (SAN MARTIÑO)	224	240


Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do IGE

A evolución da poboación de Arteixo dende 2015 a 2019 é crecente, sendo o incremento da poboación feminina maior que a masculina.

### PIRAMIDE DE IDADE

En Arteixo o groso da poboación situase na franxa dos 40 aos 44 anos, cun 11% do total da poboación, seguida pola franxa dos 35 aos 39 e dos 45 aos 49 anos, que representan o mesmo porcentaxe, un 9% do total da poboación.

Como se pode apreciar na pirámide, a franxa infantil do Concello de Arteixo (dos 0 aos 4 anos) é un pouco inferior á que corresponde aos 60 a 69 anos.



Nas franxas de idades que comprenden dos 60 ata os 85 anos e dos 0 aos 4 anos as mulleres representan un maior número con respecto aos homes.

Cabe advertir que as idades onde se sitúa o maior porcentaxe de poboación son as bandas entre os 35 e 49 anos, o que debe ser tido en conta para fomentar medidas de corresponsabilidade e conciliación.

A idade media da poboación do Concello de Arteixo situase nas mulleres nos 43 anos e nos homes en 41 anos. Nótese que a idade media do Concello é algo inferior á da Provincia de A Coruña e á de Galicia en xeral.

Demarcación territorial	Mulleres	Homes
Concello de Arteixo	43	41
Provincia de A Coruña	48	45
Galicia	49	46

Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do IGE.

## INDICADORES DEMOGRÁFICOS


Arteixo é un dos poucos concellos, xunto con Cambre, Culleredo, Oroso e Ames, que presenta un saldo vexetativo positivo ao longo dos últimos dez anos na Provincia de A Coruña e Galicia en xeral.

ANO	NACEMENTOS			DEFUNCIÓNS			SALDO VEXETATIVO	MATRIMONIOS
	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES		
2009	343	181	162	165	82	83	178	153

ANO	NACEMENTOS			DEFUNCIÓNS			SALDO VEXETATIVO	MATRIMONIOS
	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES		
2010	390	200	190	198	102	96	192	161
2011	367	195	172	188	93	95	179	152
2012	304	153	151	202	108	94	102	149
2013	298	161	137	215	115	100	83	151
2014	285	153	132	195	99	96	90	130
2015	313	147	166	243	121	122	70	162
2016	295	136	159	201	111	90	94	160
2017	267	119	148	222	117	105	45	150
<b>2018</b>	<b>257</b>	<b>136</b>	<b>121</b>	<b>202</b>	<b>114</b>	<b>88</b>	<b>55</b>	<b>142</b>

Fonte: Datos do IGE

Aínda así, dende o ano 2009 ata o ano 2018 o saldo vexetativo en Arteixo descendeu un 69%.



Concretamente os nacementos descendieron un 25% e o número de defuncións incrementouse nun 22% neste período.


Merece a pena destacar que a pesares de que dende unha análise de conxunto o número de nacementos foi descendendo a partir de 2013, con todo, dende o ano 2015 detéctase un incremento dos nacementos nas franxas de máis idade das nais. Unha tendencia que se identifica no total do país.

ANO	MENOS DE 20 ANOS	DE 20 a 24 ANOS	DE 25 a 29 ANOS	DE 30 a 34 ANOS	DE 35 a 39 ANOS	DE 40 a 44 ANOS	DE 45 E MÁIS ANOS
2009	7	27	92	134	81	2	0
2010	4	26	79	179	89	13	0

ANO	MENOS DE 20 ANOS	DE 20 a 24 ANOS	DE 25 a 29 ANOS	DE 30 a 34 ANOS	DE 35 a 39 ANOS	DE 40 a 44 ANOS	DE 45 E MÁIS ANOS
2011	4	21	72	165	85	19	1
2012	5	17	54	118	92	18	0
2013	2	11	51	126	87	20	1
2014	3	19	47	111	75	28	2
2015	7	12	48	113	98	31	4
2016	4	17	52	98	103	19	2
2017	1	14	39	88	94	31	0
2018	6	21	46	83	75	22	4

Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do IGE.

Ao longo do período que abrangue dende o ano 2008 ao 2018, apréciase un aumento no porcentaxe de nacementos no caso de nais non casadas. Así no ano 2008 representaban o 30% nos nacementos en tanto que 2018 o 50%. Esta é unha tendencia xeneralizada no resto do país.




Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do IGE.

### Movements Migratorios


Arteixo recibe un importante número de poboación, de feito, o 70% da poboación do Concello é foránea, tal e como se indica na gráfica.

ANO	NO CONCELLO DE RESIDENCIA	NOUTRO CONCELLO DA MESMA PROVINCIA	NOUTRA PROVINCIA DE GALICIA	NOUTRA COMUNIDADE AUTÓNOMA	NO ESTRANXEIRO
2019	9.683	15.415	1.536	1.603	4.025



Indicar que a poboación estranxeira é o colectivo máis numeroso, xunto coa poboación que provén doutros concellos da Provincia de A Coruña.

As mulleres inmigrantes en Arteixo representan a 51% da totalidade da poboación inmigrante, unha tendencia que se mantén no conxunto do Estado español, no que representan o 50% da totalidade da poboación que procede doutros países.



Observando a gráfica, podemos ver que a proporción das mulleres varía dependendo da procedencia, sendo as mulleres orixinarias de América as que representan o maior porcentaxe, o 60%, fronte ás de Africa (11%) ou Asia (1%).



Estes datos deberan ser valorados na implantación de políticas públicas, tendo moi presente a tripla discriminación que poden chegar a sufrir polo feito de ser mulleres, traballadoras e inmigrantes.

### Saldos Migratorios

Arteixo presenta un saldo migratorio positivo durante os 10 últimos anos. En concreto, o saldo migratorio interno é positivo dende 2014, destacando o incremento de 2012.

Do saldo migratorio externo destacar o notable ascenso no período que vai dende o ano 2016 ao 2018, tal e como se indica nas táboas achegadas a continuación.

Evolución dos saldos migratorios en Arteixo 2009-2018.

AÑO	SALDO INTERNO		
	TOTAL INTERNO	INTRA PROVINCIAL	CO RESTO DE GALICIA
2009	209	203	6
2010	-1	-18	17
2011	31	42	-11
2012	168	170	-2
2013	-61	-77	16
2014	133	98	35
2015	192	171	21
2016	87	54	33
2017	148	132	16
<b>2018</b>	<b>140</b>	<b>123</b>	<b>17</b>

AÑO	SALDO EXTERNO		
	TOTAL EXTERNO	CO RESTO DE ESPAÑA	CO ESTRANXEIRO
2009	169	65	104
2010	85	25	60
2011	27	23	4
2012	42	44	-2
2013	-97	15	-112
2014	-77	-51	-26
2015	38	-43	81
2016	141	29	112
2017	190	33	157
<b>2018</b>	<b>178</b>	<b>8</b>	<b>170</b>

## FACTORES SOCIOECONÓMICOS

### Tecido Empresarial

O municipio de Arteixo é coñecido a nivel internacional grazas á súa gran industrialización, iniciada na década dos anos sesenta do século XX, coa construción do Polígono Industrial de Sabón, que se complementa coa construción do gran Porto de Langosteira e co Polígono de Morás.


Segundo datos do IGE, no ano 2018, o tecido empresarial arteixán estaba conformado por 2.474 empresas. Se examinamos a táboa, a tendencia dende o ano 2014 foi á alza, neste período de 5 anos o número de empresas incrementouse un 2,49%.

Número persoas asalariadas	2014	2015	2016	2017	2018
de 0 a 2	1.928	1.970	1.963	1.947	1.939
de 3 a 5	231	213	215	234	241
de 6 a 9	95	98	100	96	103
de 10 a 19	67	70	71	68	84
de 20 a 49	57	53	58	67	60
de 50 a 99	19	24	25	25	27
de 100 a 249	13	17	14	15	13
250 ou máis	4	4	6	6	7
TOTAL	2.414	2.449	2.452	2.458	2.474

A estrutura do tecido empresarial de Arteixo caracterízase pola reducida dimensión das empresas, primando as microempresas (92,28%) e as pequenas empresas (5,82%).

### Demografía empresarial

A evolución do tecido empresarial está condicionada ao número de nacementos e mortes de empresas. Así, co fin de completar a análise do tecido empresarial de Arteixo, recolléronse datos demográficos das empresas do Concello.




Como se pode apreciar na gráfica, o ano 2018 foi un momento de crecemento positivo. E elo, tras pasar por anos como o 2012 e o 2013 -coincidindo coa época da crise económica- onde a taxa de mortes de empresas superaba á taxa de nacementos, provocando unha diminución do tecido empresarial do Concello. Como se pode observar na gráfica a evolución desta tendencia é lenta.

## MERCADO DE TRABALLO

### Taxa de Desemprego

A taxa de desemprego é o porcentaxe de persoas paradas sobre o total de activas.


Os datos do desemprego do Concello de Arteixo para o ano 2019 indican que o colectivo con máis persoas paradas é o das mulleres, con un 58% sobre o total de persoas desempregadas, fronte ao colectivo masculino cun 42% de desempregados.



Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do IGE.

### Contratación

En materia de contratación, ao longo do ano 2019 formalizáronse no Concello de Arteixo un total de 20.796 contratos de traballo. O 60% deles foron para contratar homes e o 40% restante foron contratos celebrados con mulleres.




Analizando a tipoloxía dos contratos advírtese que 19.170 foron contratos temporais e 1.599 contratos indefinidos.

Se desagregamos os datos por sexo, dos contratos que se fixeron a homes o 90% son contratos temporais e o 10% contratos indefinidos. Pola súa contra, no caso das mulleres o 94% dos contratos celebrados foron contratos temporais e o 6% contratos indefinidos.

Tipo de contrato	Homes	Mulleres
Temporal	7.533	11.637
Indefinido	827	772

A continuación recóllese a evolución da contratación de homes e mulleres ao longo do ano 2019, na que se destacarían os picos pronunciados que presenta a contratación feminina fronte á masculina.



### Contratación por sectores

Como se advirte na táboa, o maior número de contratacións de mulleres está focalizado en sectores feminizados e, pola contra, o número de contratacións descende nos sectores que tradicionalmente se identifican con profesións "propias dos homes".

Esta circunstancia debe ser tida en conta á hora de elaborar medidas no Plan de Igualdade que vaian encamiñadas tanto a destacar o papel das mulleres como a achegar, na medida do posible, estas profesións á poboación feminina.

Sector	Homes	Mulleres
Industria de alimentación	173	3.043
Industria téxtil	6	96
Confección de prendas de vestir	681	1.788
Industria química	47	4
Fabricación Prod. Metálicos excepto máquinas e equipos	320	22
Fabricación de material e equipo eléctrico	80	1
Fabricación Mobles	103	11
Construción de edificios	370	15
Enxeñería civil	391	7
Actividades de construción especializada	569	24
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	238	22
Comercio ao por maior	140	42
Transporte terrestre e por tubaxe	193	16
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.221	989
Servizos de comidas e bebidas	1.243	1.361
Servizos a edificios e xardinaría	144	264
Outros servizos persoais	277	1.003

### Estrutura salarial

Analizados por sectores económicos os datos salariais dos que se dispoñen para o Concello de Arteixo, conclúese que a brecha salarial é máis significativa naqueles sectores altamente masculinizados. No sector industrial os homes perciben unha media dun 27% máis que as mulleres; e no sector servizos un 21% máis, tal e como se pode apreciar nas cifras que se recollen a continuación.

Período	Construción <sup>1</sup>		Industria		Servizos	
	Salario Mulleres	Salario Homes	Salario Mulleres	Salario Homes	Salario Mulleres	Salario Homes
2013	0	20.033,64 €	17.864,50 €	25.693,34 €	17.150 €	21.677,93 €
2014	0	20.885,07 €	18.786,73 €	24.966,06 €	17.644 €	21.805,06 €
2015	0	20.282,97 €	18.399,79 €	25.587,38 €	18.044 €	22.832,22 €
2016	0	20.667,27 €	18.826,35 €	26.341,99 €	18.166 €	23.365,26 €
2017	0	21.982,35 €	20.667,96 €	26.947,94 €	18.555 €	23.717,47 €

Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do INE.

## USO DOS TEMPOS E CONCILIACIÓN

Os datos dos que se dispoñen son referidos á Comunidade Autónoma de Galicia. No que respecta ao Concello de Arteixo, o compromiso co apoio á corresponsabilidade e coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral tradúcese en:

- Dotación de infraestruturas e equipamentos, tanto sociais, culturais como deportivos (ver Anexo II);
- Iniciativas de sensibilización e información sobre parentalidade positiva e a necesidade da corresponsabilidade;
- Actividades extraescolares que respondan a esta finalidade tanto dende Educación como dende Deportes.

## EDUCACIÓN

A contorna escolar configúrase como un ámbito de actuación determinante na procura dun equilibrio entre mulleres e homes. Dende os centros foméntanse e desenvólvense medidas e actuacións dirixidas a lograr unha igualdade de oportunidades real e xeneralizable a todos os ámbitos da vida da cidadanía.

Arteixo conta con varios centros educativos de réxime xeral en funcionamento; segundo as ensinanzas impartidas serían:

	Educación infantil	Educación infantil e primaria	ESO e / ou post-obrigatorias
2019	3	7	4

<sup>1</sup> No sector da construción sinálase "0" porque non hai datos relevantes con respecto á poboación feminina.

Os centros educativos en funcionamento na actualidade no Concello de Arteixo, xunto cas ANPA recóllense no Anexo II do presente documento.

A continuación reflíctense os datos desagregados por sexo da progresión do alumnado matriculado en centros do Concello de Arteixo sostidos con fondos públicos.

	Homes			Mulleres		
	Educación infantil	Educación primaria	Educación secundaria obrigatoria (ESO)	Educación infantil	Educación primaria	Educación secundaria obrigatoria (ESO)
2015	461	859	483	412	778	441
2016	437	900	481	419	798	452
2017	400	940	506	383	848	454
2018	372	956	419	365	860	375
2019	379	962	441	374	812	388

## SAÚDE E DEPORTE

Cando falamos de **Brecha de Xénero en Saúde**, referímonos ao conxunto de desigualdades existentes no estado de benestar físico, psicolóxico e social por condición de xénero e, polo tanto, susceptibles de ser evitables.

Os patróns de saúde das persoas están determinados por causas biolóxicas e sociais.

Os factores de carácter biolóxico predispoñen xeneticamente a determinados problemas de saúde e enfermidades, mentres que os factores sociais determinan a vulnerabilidade das persoas en función de factores demográficos, xeográficos e socioeconómicos como o seu xénero, idade, renda, nivel educativo, situación laboral ou residencia, entre outros.

Neste último grupo destacan os coidados non profesionais de terceiros, o acceso e uso dos servizos de saúde, os rumbos inconscientes de xénero en saúde, os estilos de vida e condutas de risco, os estereotipos e os sectores de ocupación laboral predominantes. Os rumbos inconscientes de xénero materialízanse, dende o punto de vista sanitario, en dous tipos de expresións: a universalización de diagnoses e terapias por extrapolación de resultados obtidos con suxeitos varóns, e o tratamento diferencial baseado en crenzas e/ou estereotipos.

Na actualidade o Concello de Arteixo conta con 3 centros de saúde situados en Arteixo, Vilarrodís e Meicende, respectivamente. A inversión en recursos humanos en atención primaria no Concello de Arteixo apenas sufriu variación dende o ano 2017.

## Deporte

A práctica regular de actividade física proporciona importantes beneficios para a saúde en xeral -no plano fisiolóxico, psicolóxico e social-, contribuíndo positivamente a mellorar a calidade de vida, benestar persoal e desenvolvemento integral da persoa.

Consciente desta realidade, o Concello trata de liderar -dende a área de Deportes- o sistema deportivo de Arteixo, mediante unha xestión eficaz e a dotación dunha rede de instalacións deportivas, o fomento do tecido asociativo e a promoción de espazos, programas e actividades deportivas que teñan por obxectivo mellorar a calidade de vida da veciñanza.

### Rede de instalacións deportivas (ver Anexo II)

## SERVIZOS SOCIAIS

A área de Servizos Sociais desenvolve programas en diferentes materias:

- Programa de atención, información e orientación social;
- Atención á dependencia;
- Programa de intervención familiar;
- Programa de inclusión social;
- Maiores, actividades e centros.

Para iso conta cunha **rede de Infraestruturas e Equipamentos (ver Anexo II)**.

Da análise das memorias da área de Servizos Sociais, conclúese que o colectivo que de forma maioritaria participa nas actividades organizadas por Servizos Sociais son mulleres -con máis dun 60% de participación-. No caso dos homes (52%) participan máis nas saídas culturais que as mulleres.

## Axudas e Pensións

### Axudas

Os datos do Concello de Arteixo confirman a tendencia do total do Estado: tanto na RISGA coma na AIS as mulleres maioritariamente son as beneficiarias.

- No caso da RISGA o 66% das persoas que a solicitan son mulleres e o 34% homes;
- En relación a AIS, se tomamos como referencia a media dos 5 anos, o 33% das persoas que a solicitan son homes e o 67% son mulleres.



	RISGA			AIS		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
2014	92	34	58	11	6	5
2015	105	35	70	28	8	20
2016	109	35	74	28	7	21
2017	113	38	75	28	10	18
2018	103	33	70	25	5	20


Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do INE.

### Pensións

A continuación recóllense o número de pensionistas e importe medio das pensión en Arteixo.

	Homes			Mulleres		
	Número	Importe medio	Mediana do importe	Número	Importe medio	Mediana do importe
2014	2696	937,78 €	780,90 €	2373	667,28 €	632,90 €
2015	2780	959,79 €	789,30 €	2390	674,27 €	634,50 €
2016	2874	981,27 €	814,91 €	2444	681,90 €	636,10 €
2017	2951	1.001,63 €	836,74 €	2521	700,15 €	637,70 €
2018	3007	1.032,61 €	875,47 €	2624	730,11 €	656,90 €

Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do INE.



Queda evidenciada a diferenza que hai no importe medio das pensións entre homes e mulleres. Así, tomando como criterio a media do importe de cada sexo nos últimos cinco anos, pódese afirmar que os homes cobraron un 42% máis de media que as mulleres.

Este dato debe ser valorado dende o Concello á hora de deseñar programas, axudas e servizos destinados ás mulleres e aos homes.

## VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Os datos son alarmantes, segundo cifras do INE, o número de mulleres vítimas de violencia de xénero a nivel estatal aumentou un 2,0% no ano 2019 ata 31.911. A taxa de vítimas de violencia de xénero foi de 1,5 por cada 1.000 mulleres de 14 e máis anos.

Vítimas	Mulleres asasinadas
31.911	55

En Arteixo abríronse 29 expedientes novos de vítimas de violencia de xénero no ano 2019, igual que no ano 2018 e un máis que no ano 2017. Expedientes que se sumaron aos xa existentes de períodos anteriores.

Período	Expedientes novos
2017	28
2018	29
2019	29

No Concello de Arteixo o número de mulleres vítimas de violencia de xénero en seguimento polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado a finais de 2019 era de 80. Desas 80 persoas, 29 corresponden a novos casos que se atenderon no CIM ao longo do ano indicado.

O labor do CIM esténdese ademais ao desenvolvemento de diferentes programas e actividades de sensibilización, información e formación en materia de prevención da violencia de xénero e outras temáticas de interese para a muller.

## CONCLUSIÓNS:

O estudo da diagnose é un instrumento de planificación estratéxico, xa que supón unha fonte de información sobre a situación dos homes e as mulleres no municipio. A partires do mesmo, deséñanse as medidas recollidas no Plan de Igualdade, destinadas a liquidar as posibles desigualdades que se identificaron.

Unha vez recollida a información -dende un punto de vista cuantitativa e cualitativa-, identificamos unha serie de fortalezas e puntos de mellora que se terán en conta á hora de desenvolver o III PIOM do Concello de Arteixo.

### **FORTALEZAS**

- Compromiso e vontade política e técnica pola igualdade;
- Existencia dunha rede de escolas, infraestruturas e actividades nos diferentes ámbitos de actuación do Concello, destinadas á axuda á dependencia e ao apoio á conciliación da vida persoal, familiar e profesional;
- Dispoñer de programas e actividades de prevención da violencia de xénero;
- Ter constituída a Mesa Municipal sobre a Violencia de Xénero;
- Contar cunha rede de infraestruturas nos diferentes ámbitos territoriais do Concello destinada a actividades sociais que abarcan a público de diferentes idades;
- Dispoñer dunha rede de equipamentos e áreas deportivas destinadas a fomentar hábitos de vida saudable e tamén como apoio á conciliación;
- Contar cunha estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrada de Arteixo (“Plan Novarteixo”) na que se introduce a perspectiva de xénero;
- Ter establecido unha rede de colaboración con distintas entidades e asociacións deportivas, veciñais e empresariais.

### **PUNTOS DE MELLORA**

- Mellorar as estratexias transversais para a implantación de políticas de igualdade;
- Descoñecemento dos anteriores plans de igualdade polo persoal municipal;
- Dificultade para a obtención de datos desagregados por sexo nas áreas municipais;
- Traballar en prol da sensibilización en materia de igualdade entre o persoal municipal;
- Aumentar a oferta formativa en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero entre o persoal municipal;
- Aumentar a participación dos homes nas actividades organizadas polas distintas áreas municipais (Servizos Sociais, CIM, etc.);
- Visibilización do papel da muller nas diferentes áreas (deportes, cultura, etc.);
- Uso da linguaxe inclusiva en todos os ámbitos de funcionamento do Concello (comunicación interna e externa);
- Uso de imaxes inclusivas que non perpetúen os estereotipos de xénero;

- Promover a participación das mulleres no tecido asociativo;
- Promover a participación das mulleres en postos de representatividade.

Resaltar a importancia de contar con indicadores ou sinais que sirvan para identificar a situación de mulleres e homes e poder, así, eliminar as brechas de xénero identificadas. Por iso, unha das medidas estratéxicas que se recomenda é introducir os datos desagregados por sexo en todas as memorias das diferentes áreas de funcionamento do Concello. Estes datos son imprescindibles para realizar as análises pertinentes e establecer as medidas necesarias para corrixir as posibles desigualdades detectadas.

Destacar, finalmente, que en determinadas áreas como educación ou sanidade, os datos dos que se dispón dende o IGE e outros organismos están obsoletos (cifras do 2001, 2011, etc. ). De aí que, para un coñecemento da realidade actual no Concello, sexa aínda máis necesaria unha recompilación actualizada da información na que se conte con indicadores de xénero.

# PLAN DE IGUALDADE

**Áreas de Actuación**

**Obxectivos**


**Medidas**

**Indicadores**

**Cronograma**

## 7. ÁREAS DE ACTUACIÓN

O III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Arteixo estrutúrase ao redor das seguintes áreas de actuación :



## 8. CONXUNTO DE MEDIDAS

### A.1 ÁREA DE ESTRATEXIA MUNICIPAL

#### 8.1 Estratexia Municipal

##### 1. Obxectivo estratéxico

Establécese como obxectivo xeral deste Plan, **integrar o principio de igualdade en todas as políticas e accións do Concello, mediante o reforzo da transversalidade de xénero no conxunto da súa actividade e o fortalecemento das políticas de igualdade de trato e de oportunidades.**

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>1.- Afianzar o enfoque de xénero nas políticas, servizos e actividade contractual e subvencionábel.</b>	1.1	Integrar efectivamente as medidas recollidas no III PIOM con outros instrumentos de planificación municipal, tales como o Plan Novarteixo 2020, o Plan Municipal de Mobilidade Sostible (PMUS) ou o Plan de Accesibilidade, así como a planificación territorial e sectorial existente e a que vaia desenvolvéndose.	- Nº instrumentos de planificación municipal. - Nº de medidas integradas.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.
	1.2	Incorporar o enfoque de xénero nos servizos municipais existentes, así como a modificación ou novos servizos, e na planificación e execución de novas infraestruturas e edificacións.	- Nº de servizos municipais nos que se integra a perspectiva de xénero. - Nº de infraestruturas planificadas ou executadas nas que se	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.

			integra a perspectiva de xénero.		
	1.3	Incorporar criterios de preferencia polas empresas comprometidas coa igualdade de xénero nas cláusulas de pregos de condicións para a adxudicación de contratos do Concello.	- Cláusulas incorporadas. - Nº de contratos afectados con indicación das áreas afectadas.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.
	1.4	Introdución de criterios para a valoración positiva de aspectos favorecedores da igualdade de xénero nas convocatorias de axudas a subvencións públicas.	- Criterios incorporados. - Axudas a subvencións públicas concedidas, con indicación das áreas afectadas.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.
	1.5	Esixir formación en igualdade ao persoal que desenvolve actividades ou executa os servizos para o Concello de Arteixo, así como ao persoal que xestiona as actividades municipais.	- Nº de persoas con formación en igualdade contratadas, con indicación da área afectada.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>2.- Consolidar o uso da linguaxe non sexista e imaxes inclusivas.</b>	2.1	Reforzar o uso da linguaxe non sexista e imaxes inclusivas na produción documental da Administración local (normativa, informes e actos administrativos).	- Nº de documentación xerada que respecta estes criterios, con indicación da área.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.



Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>3.- Promover a investigación, estadísticas e estudos con perspectiva de xénero.</b>	3.1	Recoller os datos desagregados por sexo e diversidade funcional nos estudos, memorias, informes, estadísticas e publicacións da Administración local.	- Nº de documentos xerados.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.
	3.2	Analizar a participación por sexo e diversidade funcional nas actividades propostas dende os diferentes departamentos municipais.	- Medidas correctoras en función dos datos recollidos.	Todas as áreas do Concello.	De forma anual durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>4.- Fortalecer as estruturas de xestión, coordinación e intercomunicación pola igualdade de xénero das distintas áreas, órganos e mesas de traballo.</b>	4.1	Crear unha mesa de seguimento para o III PIOM, conformada por representantes das diferentes áreas de traballo do Concello.	- Acta de creación da Mesa de Seguimento. - Nº. de reunións celebradas.	Todas as áreas do Concello.	No primeiro semestre do ano 2021.
	4.2	Publicación e difusión do III PIOM entre a poboación e o persoal técnico e político.	- Nº de accións de difusión. - Publicacións creadas. - Canles e espazos de publicación e presentación. - Impacto xerado.	Area de Comunicación.	No primeiro semestre do ano 2021.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>5.- Incluir contidos relativos á igualdade nos procesos selectivos de acceso e promoción no emprego público.</b>	5.1	Incluir contidos relativos á igualdade entre mulleres e homes nos temarios das probas de acceso e promoción ao emprego público.	- Contidos incluídos. - Nº de convocatorias de acceso que os inclúe.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.
	5.2	Valorar a formación en materia de igualdade nos concursos para a provisión de vacantes e nos procesos selectivos de acceso ao emprego público nos que exista valoración de méritos.	- Nº de convocatorias de acceso que os inclúe.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>6.- Garantir a formación en igualdade e violencia de xénero na oferta dirixida ao persoal do Concello.</b>	6.1	Ofertar formación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e violencia de xénero a todo o persoal técnico e político do Concello.	- Nº de formacións impartidas ao longo do ano. - Nº de horas impartidas. - Nº de persoas participantes, desagregando os datos por sexo.	Todas as áreas do Concello.	Durante toda a vixencia do Plan.

## A.2 ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E EDUCACIÓN

### 8.2 Sensibilización Social e Educación

#### 2. Obxectivo estratéxico

**Fomentar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero e promover o respecto á diversidade na orientación sexual.**

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>7.- Introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.</b>	7.1	Definir obxectivos transversais de igualdade de xénero nos programas desenvoltos en materia de Educación.	- Nº de obxectivos incorporados. - Tipo de obxectivos e programas afectados.	- A. de Educación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	7.2	Fomento da igualdade nas actividades extraescolares e nos programas realizados dende Educación.	- Nº e tipo de accións. - Nº de persoas destinatarias destas accións, desagregando os datos por sexo.	- A. de Educación.	Durante toda a vixencia do Plan
	7.3	Fomentar a igualdade no acceso á formación e ao mercado laboral dentro das accións de emprendemento, incidindo especialmente en profesións en subrepresentación de xénero.	- Nº e tipo de accións. - Nº de persoas destinatarias destas accións, desagregando os datos por sexo.	- A. de Educación. - A. de Emprego.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
-----------------------	--	---------	-------------	---------	------------

<b>8.- Impulsar modelos profesionais e vitais, baseados no respecto e a diversidade, que quebren os roles de xénero; e afondar no modelo de coeducación.</b>	8.1	Abordar a análise de estereotipos nos obradoiros organizados pola Área de Educación.	- Informe das conclusións da análise. - Medidas correctoras.	- A. de Educación.	Primeiro trimestre do ano seguinte durante toda a vixencia do Plan.
	8.2	Fomentar a participación corresponsable nas actividades nas que se require a presenza de persoas proxenitoras (“Xogando a medrar” e “Xogando coa música”).	- Nº e tipo de accións ou campañas. - Persoas destinatarias destas accións, desagregando os datos por sexo	- A. de Educación. - A. de Servizos Sociais.	Durante toda a vixencia do Plan.
	8.3	Fomentar o uso dos espazos de forma compartida e non excluínste.	- Nº de espazos sobre os que se intervén	- A. de Educación - A. de Servizos Sociais.	Durante toda a vixencia do Plan.
	8.4	Apoiar que nos centros de ensino se realicen proxectos para a convivencia en igualdade, que axuden á identificación de conductas sexistas e/ou comportamentos discriminatorios por razón de xénero ou orientación sexual.	- Nº de proxectos. - Nº de alumnado participante, desagregando os datos por sexo.	- A. de Educación - CIM.	De setembro a xuño durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>9.- Promover o respecto á diversidade de xénero e á orientación sexual.</b>	9.1	Facer campañas de sensibilización da realidade LGTBIQ dirixidas á poboación no seu conxunto.	- Nº de accións realizadas. - Canles e espazos empregados. - Impacto.	- CIM - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	9.2	Visibilizar o CIM como recurso de apoio ao colectivo LGTBIQ.	- Canles e espazos empregados.	- CIM. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
			- Nº de eventos onde se identifique o CIM como recurso.		

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>10.- Consolidar o enfoque de xénero nas actividades de Educación.</b>	10.1	Investigar e abordar a representación de mulleres e homes nos obradoiros realizados pola Área de Educación.	- Nº de estudos e conclusións, así como as medidas correctoras aplicadas.	- A. de Educación.	Primeiro trimestre do ano durante toda a vixencia do Plan.
	10.2	Analizar os datos relativos ao sexo das persoas solicitantes de axudas ao estudo.	- Informes cas conclusións derivadas da análise, así como medidas correctoras en caso e aplicarse.	- A. de Educación.	Primeiro trimestre do ano durante toda a vixencia do Plan.
	10.3	Obter datos desagregados por sexo do alumnado nos centros dos niveis de ensino non obrigatorio.	- Nº de contactos establecidos cos centros.	- A. de Educación.	Último trimestre do ano durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
	11.1	Dar preferencia á representación feminina no obradoiro de tradicións, como visibilización do papel das mulleres.	- Nº de mulleres e homes representados.	- A. de Educación.	Durante toda a vixencia do Plan.



<p><b>11.-Promover unha participación máis equilibrada da muller en postos de responsabilidade.</b></p>	<p>11.2</p>	<p>Analizar a representación feminina no eido administrativo, a ocupación de postos directivos e de concellarías dentro da actividade, por exemplo, “Pleno Escolar”.</p>	<p>- Nº de mulleres e homes que participan no Pleno Escolar. - Accións realizadas.</p>	<p>- A. de Educación.</p>	<p>Curso escolar de setembro a xuño, durante toda a vixencia do Plan.</p>
---	-------------	--	--	---------------------------	---

## A.3 MERCADO DE TRABAJO

### 8.3 Mercado de Trabajo e Formación

#### 3. Obxectivo estratéxico

Mellorar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso, permanencia e condicións de traballo no mercado laboral e no emprendemento.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>12.-Rerforzar a inclusión do principio de igualdade de oportunidades e de non discriminación nas políticas de acceso ao emprego.</b>	12.1	Desenvolver dende os centros de formación municipal programas e accións formativas que favorezan a incorporación das mulleres ao mercado laboral.	- Número de mulleres participantes.	- A. de Emprego. - CIM.	Durante toda a vixencia do Plan.
	12.2	Fomentar a contratación de mulleres dende os programas municipais (por exemplo, nova escola de agricultura ecolóxica, etc.).	- Número de mulleres contratadas, indicando o programa a través do que se contrata.	- A. de Emprego. - CIM.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>13.-Fomentar a incorporación das mulleres máis vulnerables ao mundo laboral.</b>	13.1	Establecer un marco de colaboración con asociacións e organizacións empresariais do Concello, coa finalidade de impulsar a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.	- Número de mulleres contratadas.	- A. de Emprego. - CIM.	Nos dous primeiros anos de vixencia do Plan (2021-2022).

## A.4 ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

### 8.4 Conciliación e corresponsabilidade

#### 4. Obxectivo estratéxico

Poiar a conciliación e a corresponsabilidade na vida persoal, familiar e laboral.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>14.-Sensibilizar en materia de conciliación e corresponsabilidade.</b>	14.1	Desenvolver campañas de concienciación para potenciar a corresponsabilidade das e dos proxenitores.	- Nº de campañas e accións. - Tipo de campañas e accións e os canles de difusión.	- CIM. - A. de Educación. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	14.2	Poñer en funcionamento programas de apoio á crianza das fillas e fillos e actuacións dirixidas ao fomento da parentalidade positiva.	- Nº de actuacións. - Tipoloxía das actuacións. - Persoas afectadas, desagregando os datos por sexo.	- A. de Educación. - A. de Comunicación. - A. de Servizos Sociais.	Durante toda a vixencia do Plan.
	14.3	Desenvolver obradoiros que favorezan a autonomía persoal do alumnado no ámbito doméstico, promovendo a corresponsabilidade nos comedores escolares.	- Nº de obradoiros. - Persoas participantes, desagregando os datos por sexo.	-A. de Educación.	Durante toda a vixencia do Plan.



Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>15.-Incrementar o coñecemento sobre a conciliación e a corresponsabilidade.</b>	15.1	Realizar un estudo de avaliación sobre as necesidades existentes en relación aos usos do tempo, os horarios, as escolas infantís e outros servizos de coidados.	- O estudo, especificando as necesidades detectadas.	- A. de Educación.	Último ano de vixencia do Plan (2024).

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>16.- Crear e manter unha rede de infraestruturas e servizos para a conciliación e a corresponsabilidade.</b>	16.1	Dotar de infraestruturas e servizos de conciliación aos diferentes ámbitos territoriais do Concello, tanto rurais como urbanos (“Arteixo Concilia” e “Plan Novarteixo2020”).	- Nº de infraestruturas. - Nº de servizos creados. - Tipoloxía das infraestruturas.	- A. de Obras e Servizos. - A. de Servizos Sociais. - A. de Educación. - CIM.	Dende o segundo semestre do ano 2021 e ata a finalización da vixencia do Plan.

## A.5 ÁREA DE DEPORTE, SAÚDE E BENESTAR

### 8.5 Deporte, Saúde e Benestar

#### 8.5.1 Deporte

#### 5. Obxectivo estratéxico

Promover a Igualdade na actividade física e deportiva.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>17.-Favorecer a práctica deportiva feminina nos distintos ámbitos do deporte, contribuíndo a eliminar elementos de desigualdade en todas as etapas vitais da muller.</b>	17.1	Apoio específico, a través de subvencións ou outros mecanismos, a proxectos dos clubs ou asociacións deportivas que fomenten a participación e obtención de bos resultados por parte das mulleres deportistas e/ou equipos femininos.	-Tipoloxía e nº de apoios, especificando o tipo de club ou asociación e a acción deportiva.	- A. de Deportes.	Durante toda a vixencia do Plan.
	17.2	Celebración de xornadas, encontros, seminarios e/ou grupos de traballo, co propósito de xerar e difundir coñecemento en relación con todos aqueles aspectos que contribúan á consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes en canto á práctica da actividade física e o deporte.	- Nº de xornadas, encontros. - Nº de participantes, desagregando os datos por sexo.	- A. de Deportes.	Durante toda a vixencia do Plan

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
	17.3	Desenvolvemento de campañas específicas nos centros escolares, contando coa participación de deportistas arteixás, para a promoción de hábitos de vida saudables e o fomento dos beneficios da actividade física e o deporte tanto nos deportes individuais como colectivos.	- Nº de campañas realizadas, especificando ás mulleres deportistas.	- A. de Deportes. - A. de Comunicación.	Curso escolar (setembro a xuño), durante toda a vixencia do Plan.
	17.4	Apoio ás deportistas de ámbito federado a través dos criterios de baremación reflectidos nas bases reguladoras para a concesión, mediante concorrencia competitiva, de subvencións para actividades deportivas.	- Criterios de baremación. - Nº de subvencións concedidas.	- A. de Deportes.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>18.- Visibilizar ás mulleres implicadas no ámbito da actividade física e do deporte.</b>	18.1	Estudo da participación das persoas por franxas de idades, modalidades deportivas, correlacionadas co sexo.	- Os estudos, memorias.	- A. de Deportes.	Primeiro trimestre do ano, durante toda a vixencia do Plan.
	18.2	Realizar campañas ou actividades dirixidas a unha maior e adecuada visibilidade das mulleres implicadas no ámbito da actividade física e o deporte.	- Número de campañas. - Número de actividades.	- A. de Deportes. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	18.3	Fomento do recoñecemento de logros deportivos das mulleres en todos os ámbitos e a calquera nivel.	- Nº accións realizadas. - Canles de difusión.	- A. de Deportes.	Durante toda a vixencia do Plan.
	18.4	Evitar tratamentos sexistas da imaxe nos actos deportivos e promover imaxes de diversidade de mulleres.	- As imaxes utilizadas, con indicación do evento.	- A. de Deportes. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.

## 8.5.2 Saúde e Benestar

### 6. Obxectivo estratéxico

Promover a Igualdade a través das actividades sociais.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>19.- Fomentar a participación igualitaria nas actividades sociais.</b>	19.1	Analizar a participación de homes e mulleres nas actividades sociais.	- Informes resultantes. - Medidas correctoras.	- A. de Servizos Sociais.	Primeiro trimestre do ano, durante toda a vixencia do Plan.
	19.2	Traballar a sensibilización en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero a través das actividades sociais.	- Nº de programas incluídos. - Nº e tipoloxía das accións.	- A. de Servizos Sociais.	Durante toda a vixencia do Plan.
	19.3	Conmemorar as datas en prol da igualdade.	- Nº e tipoloxía das accións nas datas sinaladas.	- A. de Servizos Sociais. - CIM. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>20.- Compensar as brechas existentes no acceso, na formación e os usos das TIC (LA1. “TIC ao servizo das</b>	20.1	Realizar programas formativos de manexo de novas tecnoloxías dixitais.	- Nº de programas. - Nº de participantes, desagregados os datos por sexo.	- A. de Participación cidadá. - A. de Servizos Sociais.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
persoas" e "Plan Novarteixo").	20.2	Habilitación de espazos públicos con equipos informáticos para o uso da cidadanía.	- Nº espazos. - Nº usuarios e usuarias.	- A. de Servizos Sociais. - A. de Novas Tecnoloxías.	2021-2022

## A.6 ÁREA DE CULTURA

### 8.6 Cultura

#### 7. Obxectivo estratéxico

Reforzar a integración do principio de igualdade no ámbito da cultura e da creación e produción artística e intelectual.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>21.- Promover unha presenza máis equilibrada das mulleres nos ámbitos da cultura, a creación e a produción artística e intelectual.</b>	21.1	Desenvolvemento de indicadores que permitan unha mellor análise da presenza de mulleres no ámbito cultural.	- Tipo e nº de indicadores.	- A. de Cultura.	Durante toda a vixencia do Plan.
	21.2	Incluír indicadores e datos desagregados por sexo nas memorias das propias asociacións culturais subvencionadas polo Concello: incluílo como requisito nas bases das diferentes subvencións.	- As memorias. - Tipo de indicadores.	- A. de Cultura.	Durante toda a vixencia do Plan.
	21.3	Deseñar e aplicar instrumentos que permitan identificar os diferentes hábitos culturais de mulleres e homes na oferta cultural existente.	- Nº de rexistros feitos. - Conclusións e medidas correctoras.	- A. de Cultura.	Primeiro ano da vixencia do Plan.

	21.4	Incorporar na programación anual actos ou actividades para a conmemoración da igualdade.	- Nº e tipoloxía dos actos.	- A. de Cultura.	Durante toda a vixencia do Plan.
	21.5	Velar pola composición equilibrada nos xurados encargados de outorgar os premios que conceda o Concello.	- Composición dos xurados dos diferentes actos ou premios’.	- A. de Cultura.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>22.-Impulsar o recoñecemento da contribución das mulleres no ámbito cultural e artístico, tanto no pasado como no presente.</b>	22.1	Fomento e apoio ao desenvolvemento de festivais, certames e outro tipo de espazos ou eventos monograficamente dedicados a dar a coñecer as achegas das mulleres nos ámbitos literario, científico, musical, cinematográfico, audiovisual e/ou artístico.	- Nº de monográficos dedicados a dar a coñecer as achegas das mulleres.	- A. de Cultura. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	22.2	Dar a coñecer o papel das mulleres na historia e na sociedade a través de exposicións, certames ou outros eventos.	- Nº de exposicións, certames ou eventos con esta finalidade.	- A. de Cultura. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>23.- Manter a dotación de material didáctico para o coñecemento da realidade</b>	23.1	Mantemento e reforzo dunha sección de xénero nas bibliotecas municipais, espazos virtuais e centros educativos.	- Nº e tipoloxía do material aportado á sección de igualdade.	- Biblioteca.	Durante toda a vixencia do Plan.



<p><b>das mulleres e o fomento da igualdade de xénero.</b></p>	<p>23.2</p>	<p>Mantemento de actividades coeducativas con perspectiva de xénero organizadas dende a Biblioteca.</p>	<p>- Nº e tipoloxía das actividades. - Nº de participantes, desagregando os datos por sexo.</p>	<p>- Biblioteca.</p>	<p>Durante toda a vixencia do Plan.</p>
--	-------------	---	---	----------------------	---

## A.7 ÁREA DE PARTICIPACIÓN DA MULLER

### 8.7 Participación da Muller nos ámbitos Político, Social e Económico.

#### 8. Obxectivo estratéxico

Mellorar a participación das mulleres nos ámbitos político, económico e social.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>24.- Visibilizar a presenza de mulleres e homes no ámbito público.</b>	24.1	Analizar a distribución de mulleres e homes nos postos de representación e decisión política.	- Nº de homes e mulleres nos postos de representación e decisión política (nos distintos consellos, Xunta de Goberno, etc.).	- Secretaría.	Primeiro trimestre de cada ano durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>25.- Fomentar a auto-organización das mulleres en grupos ou redes de apoio.</b>	25.1	Realización de campañas de sensibilización sobre as vantaxes da organización en grupos ou redes de apoio.	- Nº de campañas de sensibilización. - Espazos e canles de difusión.	- CIM. - A. de Participación Cidadá. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	25.2	Efectuar formación para favorecer a organización en grupos ou redes de apoio.	- Nº de cursos e contidos. - Persoas participantes, desgregando os datos por sexo e nacionalidade.	- CIM. - A. de Participación Cidadá.	Durante toda a vixencia do Plan.



Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>26.- Impulsar a perspectiva de xénero e a participación equilibrada de mulleres e homes nas asociacións con presenza no Concello.</b>	26.1	Analizar a distribución de mulleres e homes nas asociacións con presenza no Concello.	- Nº de mulleres e homes nos órganos de consulta, conclusións e medidas correctoras.	- A. de Participación Cidadá. - A. de Deportes. - A. de Educación. - A. de Cultura. - CIM.	Primeiro trimestre do ano durante toda a vixencia do Plan.
	26.2	Desenvolver actuacións para o fomento da presenza equilibrada de mulleres e homes nas asociacións.	- Nº e tipoloxía das actuacións. - Canles de difusión.	- A. de Participación Cidadá. - A. de Deportes. - A. de Educación. - A. de Cultura. - CIM. -A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	26.3	Elaborar recomendacións e orientacións dirixidas ao tecido asociativo do Concello sobre a inclusión da perspectiva de xénero na súa actividade, funcións e obxectivos.	- Publicacións elaboradas. - Nº de envíos.	- A. de Participación Cidadá. - A. de Deportes. - A. de Educación. - A. de Cultura. - CIM.	Segundo trimestre do ano durante toda a vixencia do Plan.



Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>27.-Favorecer o movemento asociativo das mulleres.</b>	27.1	Apoio técnico e apoio social ao movemento asociativo de mulleres.	- Nº de asociacións creadas nos períodos anuais.	- A. de Participación Cidadá.	Durante toda a vixencia do Plan.

## A.8 ÁREA DE VIOLENCIA CONTRA A MULLER

### 8.8 Violencia contra a muller

#### 9. Obxectivo estratéxico

##### Prevención e tratamento da violencia de xénero.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
<b>28.- Promover estratexias de sensibilización e prevención da violencia de xénero.</b>	28.1	Mantemento das campañas de educación e sensibilización en materia de violencia de xénero.	- Nº de campañas celebradas. - Medios e materiais de difusión utilizados.	- CIM. - A. de Servizos Sociais. - A. de Deportes. - A. de Educación. - A. de Cultura. -A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	28.2	Potenciación da participación do tecido asociativo e comercial nas campañas que se desenvolven para a prevención da violencia de xénero.	- Nº de campañas nas que participan. - Nº de persoas empresarias participantes, desagregando os datos por sexo. - Tipo de empresa.	- A. de Participación Cidadá. - CIM. -A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	28.3	Realización de obradoiros sobre as novas masculinidades.	- Nº de obradoiros celebrados.	- CIM. -A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.

Obxectivos Operativos		Medidas	Indicadores	Axentes	Cronograma
			- Nº de participantes, desagregando os datos por sexo.		
	28.4	Realización de campañas de sensibilización dirixidas especificamente á poboación masculina.	- Nº de campañas. - Medios e canles de difusión empregadas. - Nº de participantes, desagregando os datos por sexo.	- CIM. - A. de Comunicación.	Durante toda a vixencia do Plan.
	28.5	Mantemento, nos eventos festivos, do servizo de sensibilización e información sobre a realidade das agresións sexuais.	- Nº de eventos nos que se participa. - Nº de persoas informadas.	- CIM. - A. de Cultura.	Durante toda a vixencia do Plan.

